

1 Impresión en Linux

2 Introducción

Normalmente as impresoras están instaladas no noso equipo local ou en rede:

- **En local.** Na maior parte dos casos a instalación é automática xa que o sistema operativo se encarga de instalar os drivers necesarios. Se non, necesitamos o driver da impresora para o noso sistema e facer nós a instalación de xeito manual.
- **En rede.** Neste caso a impresora pode estar conectada a un equipo que forma parte da rede e que fai de servidor de impresión, ou ben a propia impresora ten unha dirección IP, a través da que se accede a ela.

Un **servidor de impresión** proporciona o servizo necesario para poder utilizar unha impresora. Antigamente usáronse como servidores de impresión en Linux os programas LP, LPR e LPRng, pero hoxe en día están en desuso xa que foron substituídos por **CUPS** (*Common Unix Printing System*). CUPS baséase no protocolo estándar **IPP** (*Internet Printing Protocol*) publicado polo IETF (Internet Engineering Task Force).

CUPS, ademais de xestionar os traballos de impresión, incorpora un servidor web (que corre por defecto no **porto 631**) que permite configurar e administrar o sistema de impresión. Tamén se pode acceder a CUPS a través do contorno gráfico de usuario, tanto en Gnome como en KDE.

--Arribi 12:13 6 oct 2009 (BST)